



En relación coa solicitude de conversión de consorcio a convenio de parte do monte “Comunal de Videferre, Espiño e Bouxés” OR-3079, da pertenza dos veciños de Videferre, Concello de Oimbra (Ourense), presentada conforme ao acordo da Asemblea xeral da Comunidade celebrada en data 2 de outubro de 2005, infórmolle o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º- Que o monte “Montes de Videferre” foi clasificado o 15 de decembro de 1.975 polo Xurado Provincial de M.V.M.C. de Ourense.

2º- Que o consorcio “Comunal de Videferre, Espiño e Bouxés” OR-3079 foi aprobado polo Patrimonio Forestal do Estado o 12 de xuño de 1.961, e posúe una superficie segundo os planos manexados polo Servizo de montes de Industrias Forestais de Ourense de 646 has, das que 99 has son propiedade da comunidade de montes de Videferre .

3º.- Que segundo as bases do convenio polo que se pretende transformar parte do consorcio existente a Consellaría aportaría a esta modificación de contrato a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubrir os gastos a que dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos, o 50% contabilizarase en concepto de subvención sendo o restante 50%, o anticipo reintegrable o interese do 1% anual.

4º.- Que a duración do presente convenio asinarase por un período de 40 anos mais segundo o cuarto parágrafo da décima cláusula en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo aboamento a Consellaría do Medio Rural do saldo pendente. A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ao titular da propiedade do chan, con exención do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

5º- Que a especie a utilizar preferentemente na repoboación forestal será o P. sylvestris.

6º- Que segundo as contas do consorcio e despois da asignación proporcional ás 99 has de superficie o monte de Videferre ten un saldo de:

gastos do consorcio	1.904.248 ptas
gastos de administración	149.483 ptas
gastos de gardería	<u>139.095 ptas</u>
Total gastos de Videferre	2.192.826 ptas

total gastos 2.192.826 ptas – ingresos 900.486 ptas = 1.292.340 ptas (7.767,12 €) a favor da Xunta de Galicia, saldo co que se abrira a conta de gastos do novo convenio.



Por todo isto,

PROPOÑEMOS:

1.- Que se aprobe o convenio do monte das seguintes características

Nome: "Montes de Videferre"

Número de elenco: 321/55260

Superficie: 99 has.

Pertenza: Videferre

Termo municipal: Oimbra

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%

Interés sobre o anticipo: 1%

Participación da comunidade no vo: 70%

Participación da Consellería no vo: 30%

Saldo inicial do convenio: **7.767,12 €** a favor da Xunta de Galicia

2.- Que no sucesivo o consorcio "Comunal de Videferre, Espiño e Bouxés" OR-3079, concello de Oimbra, teña as seguintes características:

Nome: "Comunal de Videferre, Espiño e Bouxés"

Número de elenco: OR-3079

Superficie: 547 has.

Pertenza: Espiño e Bouxés

Termo municipal: Oimbra

A restar da conta de gastos (1976-2005): 1.904.248 pts (11.444,76 €)


A restar da conta de ingresos (1976-5/07/2006): 900.486 pts (5.412,03 €)

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2006

O Director Xeral de Montes e Industrias Forestais

Alberte Blanco Casal

Excmo. Sr. Conselleiro do Medio Rural.-
Santiago de Compostela.-



En relación co expediente remitido pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais relativo a conversión parcial de consorcio a convenio de parte do monte "Comunal de Videferre, Espiño e Bouxés" OR-3079, da pertenza dos vecinos de Videferre, sito no concello de Oímbra (Ourense), e cunha superficie actual de 646 ha exprésase como criterio desta asesoría xurídica o seguinte

1.- Que o monte "Montes de Videferre", clasificouse o 15-12-1975 como monte vecinal en man común e como pertencente aos vecinos de Videferre (Oímbra) da provincia de Ourense. É parte do consorcio do monte "Comunal de Videferre, Espiño e Bouxés" consorciado coa Administración en virtude do establecido entre o extinguido Patrimonio Forestal del estado o 12 de xuño de 1.961, cunha superficie segundo planos de Servizo de Ourense de 646 has das que 99 has son propiedade da comunidade de montes de Videferre.

Segundo o Regulamento de Montes aprobado por Decreto de 22 de febreiro de 1962, configúrase o consorcio como un contrato entre a Administración e o propietario do solo de carácter administrativo.

2.- Con data, 2-10-2005 (non consta na solicitude rexistro de presentación ante a Administración) D.Genaro Afonso Anare secretario da Xunta Rectora en man común denominado Monte Videferre certifica o acordo da asemblea xeral de Comunidade do 2-10-2005, de solicitar a transformación do actual Consorcio en convenio de acordo coa lei 13/1989.

3.- A Disposición adicional segunda da Lei 13/1989, de 10 de outubro de montes veciñais en man común, sinala que as comunidades propietarias de montes de veciños consorciadas ou con convenios coa administración, e con independencia que neles fosen



parte os concellos ou Deputacións Provinciais, poderán optar por subrogarse no consorcio ou convenio preexistente, realizar un novo convenio ou resolver o existente....

As débedas dos consorcios realizados pola Administración Forestal do Estado serán condonadas polo importe a que ascendía a débeda no momento da clasificación como veciñal en man común....

En todo caso aquelas comunidades que se benefician da condonación da débeda e queiran rescindir o consorcio ou convenio terán que presentar sempre un Plan de aproveitamentos e xestión do monte que haberá de ser aprobado pola Administración.

Igualmente o artigo 25 da Lei sinala que a Consellería de agricultura daralle aos montes veciñais en man común carácter preferente nas súas actuacións de fomento e mellora da produción agraria... Ademais desempeñará as seguintes funcións:

- Realizar convenios dirixidos a un mellor aproveitamento do monte con aquelas Comunidades de vecinos que así o soliciten.

4.- O Informe de data 6-11-2006 do Servizo de Montes e Industrias Forestais de Ourense salienta que as bases do convenio que se pretende asinar, a consellería aportaría a súa participación no voo creado polo consorcio que se transforma e as cantidades necesarias para cubrir os gastos a quí dea lugar a súa execución. Na correspondente conta de gastos o 50% contabilizarase en concepto de subvención e o restante 50% como anticipo reintegrable ao interese do 1% anual. A duración deste convenio será por 40 anos, segundo o parágrafo cuarto da décima cláusula, en calquera momento poderá cancelarse o convenio previo abono á Consellería do saldo existente.

E propón o seguinte:

PRIMEIRO-. Que se aprobe o convenio do monte das seguintes características



Nome: "Montes de Videferre"
Número de elenco: 321/55260
Superficie: 99 has
Perenza Videferre
Termo municipal: Oimbra
A Contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo reintegrable 50%
Interés sobre o anticipo: 1%
Participación ca comunidade no vo: 70%
Participación da Consellería no vo: 30%
Saldo inicial do convenio: 7.767,12 € a favor da Xunta de Galicia.

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio "Comunal de Videferre, Espiño e Bouxés" OR-3079, no concello de Oimbra, teña as seguintes características:

Nome: "Comunal de Videferre, Espiño e Bouxés"
Número de elenco: OR-3079
Superficie: 547 has
Pertenza: Espiño e Bouxés
Termo municipal: Oimbra
A restar da conta de gastos (1976-2005): 1.904.248 pts (11.444,76 €)
A restar da conta de ingresos (1976-5-07-2006): 900.486 pts. (5.412,03€)

5.- A Dirección Xeral de Montes formula proposta de Resolución reiterando o contido do Servizo provincial de Ourense.



6.- En vista de tódolos antecedentes obrantes no expediente administrativo, esta asesoría vistas as disposicións legais de aplicación, informa favorablemente a proposta de rescisión parcial do consorcio e a súa conversión en convenio coas características sinaladas na proposta da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, correspóndelle a aprobación ao Sr. Conselleiro.

Santiago ,29 de novembro de 2006

O asesor xurídico



Asdo Juan José Lois Barcia

Servizo de Xestión de Montes



Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, e logo dos informes favorables emitidos pola Asesoría Xurídica e polo xefe do servizo provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

RESOLVO:

1.- Aprobar o convenio do monte das seguintes características

Nome: "Montes de Videferre"
Número de elenco: 321/55260
Superficie: 99 has.
Pertenza: Videferre
Termo municipal: Oimbra
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo reintegrable: 50%
Interés sobre o anticipo: 1%
Participación da comunidade no vo: 70%
Participación da Consellería no vo: 30%
Saldo inicial do convenio: **7.767,12 €** a favor da Xunta de Galicia

2.- Que no sucesivo o consorcio "Comunal de Videferre, Espiño e Bouxés" OR-3079, concello de Oimbra, teña as seguintes características:

Nome: "Comunal de Videferre, Espiño e Bouxés"
Número de elenco: OR-3079
Superficie: 547 has.
Pertenza: Espiño e Bouxés
Termo municipal: Oimbra
A restar da conta de gastos (1976-2005): 1.904.248 pts (11.444,76 €)
A restar da conta de ingresos (1976-5/07/2006): 900.486 pts (5.412,03 €)

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2006



O CONSELLEIRO

Alfredo Suárez Canal

XUNTA DE GALICIA

CONVENIO

N.º	321	55260
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a 4 de decembro de dous mil seis

REUNIDOS

Dunha banda, D. Alfredo Suárez Canal, Conselleiro do Medio Rural, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. CESAR GONZÁLEZ GONZÁLEZ como representante da comunidade proprietaria do monte veciñal en man común MONTES DE VIDE FERRE (OIMBRA), segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asinalo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ao abeiro do previsto na Lei 13/89, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común, e polo Real Decreto 1279/78, do 2 de maio, que aproba o Regulamento da Lei 5/1977 de fomento da produción forestal, modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia, e sempre e cando non se contradiga a Lei 43/2003 do 21 de novembro, modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril.

Este convenio rexerase polas cláusulas que a continuación se consignan:

1.^ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 12-06-1961 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

[illegible]

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **COMUNIDADE DE VIDEFERRE (OIMBRA)**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: MONTES DE VIDEFERRE

Termo municipal: OIMBRA

Provincia:

Límites:

N. FINCAS PARTICULARES

S. FINCAS PARTICULARES

L.: M.V.M.C. DE BOUSÉS

O.: FINCAS PARTICULARES

Superficie: **99 HAS.**

Estado forestal: **UNHAS 40 HAS. DE P.SYLVESTRIS DE VARIAS EDADES**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: -----

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:
A TOTALIDADE DO EXISTENTE

Sen vexetación arbórea: Servidumes: **AS UASUAIS DE PASO**

3ª.- O chan continuará pertencendo a COMUNIDADE DE MONTES DE VIDEFERRE (OIMBRA)

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

~~c) O arborado de súa pertenza existente nestes terreos (vasee se non existe) x x~~

4ª.- A Consellería do Medio Rural aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **50** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **50** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **1** por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería do Medio Rural, e os ingresos desta consideraranse anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **OR-3079--(99 HAS.)**

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería do Medio Rural.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o 30 por cento será para a Consellería do Medio Rural, e o 70 por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería do Medio Rural recibirá o _____ por cento, e a comunidade propietaria, o _____ por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería do Medio Rural excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería do Medio Rural procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería do Medio Rural, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería do Medio Rural asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de 40 anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería do Medio Rural, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subenténdase á plena posesión do seu titular do Medio Rural.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería do Medio Rural se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalguna das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería do Medio Rural do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería do Medio Rural, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. SYLVESTRIS, COMO
ESPECIE PRINCIPAL

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería do Medio Rural interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don LUIS MIGUEL SEGOVIA GARCIA, encargado
da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade
propietaria do monte veciñal en man común DENOMINADO "MONTE VIDEFERRE" PROPIEDAD DOS
VECÍÑOS DE VIDEFERRE (OIMBRA)

2.—Que, así mesmo, figura Don CESAR GONZÁLEZ GONZÁLEZ, e
Don GENARO AFONSO ANDRÉ, como presidente e secretario,
respectivamente, da xunta rectora, deica 22/06/2007

E para que conste, expido a presente certificación EN OURENSE
a 3 de OCTUBRO de 2006



Don GENARO AFONSO ANDRÉ, Secretario
de COMUNIDADE DE MONTES DE VIDEFERRE (OIMBRA)

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta
comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o
día 2/10/2005 estando designado
Don CESAR GONZÁLEZ GONZÁLEZ
representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en
a dedous mil.....

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo.: CESAR GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Asdo.: GENARO AFONSO ANDRÉ

Don Alberte Blanco Casal, Director
Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, dá a súa con-
formidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,



Pola Consellería do Medio Rural



D. CESAR GONZÁLEZ GONZÁLEZ